

Contenido

| | | |
|---------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| 1 | Plan Anual: obxectivos xerais, específicos, dotación de recursos, adaptacións e medidas propostas para a súa consecución..... | 2 |
| 1.1 | Obxectivos xerais..... | 2 |
| 1.2 | Oxectivos específicos..... | 3 |
| 1.3 | Dotación de recursos, melloras e adaptacións necesarias..... | 4 |
| 1.4 | Medidas propostas para a consecución destes obxectivos..... | 5 |
| 1.4.1 | Comezo do curso..... | 5 |
| 1.4.2 | Actuacións ante a situación COVID-19..... | 5 |
| 1.4.3 | Medidas de atención á diversidade necesarias para atender as necesidades educativas especiais e as necesidades de apoio educativos..... | 5 |
| 1.4.4 | Dinamización da convivencia..... | 6 |
| 1.4.5 | Plan de mellora da biblioteca, fomento do hábito lector entre a comunidade educativa e desenvolvemento do Plan Lector do Centro. | 9 |
| 1.4.6 | Coordinar o Plan de Acción Titorial..... | 10 |
| 1.4.7 | Plan Lingüístico de Centro..... | 11 |
| 1.4.8 | Desenvolver o plan de potenciación e utilización das tecnoloxías da información e da da comunicacións..... | 12 |
| | Obxectivos de centro a curto prazo..... | 13 |
| | Obxectivos de centro a longo prazo..... | 14 |
| 1.4.9 | Centro plurilingüe..... | 15 |
| 1.4.9.1 | Fomentar a comunicación entre os distintos sectores da comunidade educativa..... | 15 |
| 1.4.10 | Avaliacións..... | 17 |
| 1.4.11 | Distribución de espazos..... | 17 |
| 1.4.12 | LIBROS DE TEXTO..... | 19 |
| 1.4.13 | Autoprotección..... | 19 |
| 2 | Horario xeral no IES..... | 20 |
| 2.1 | Horario xeral do instituto..... | 20 |
| 2.2 | Horario lectivo do centro:..... | 20 |
| 2.3 | Horario de apertura do centro e de atención ao público:..... | 21 |
| 2.4 | Horario dos profesores:..... | 21 |
| 2.5 | Horarios do alumnado. Criterios pedagóxicos..... | 22 |
| 2.6 | Calendario de reunións..... | 23 |
| 3 | Servizo de transporte escolar..... | 23 |
| 4 | Datos do centro: alumnado, profesorado e personal non docente..... | 25 |
| 4.1 | Claustro de profesores: Órganos de coordinación, cargos e función..... | 25 |
| 4.2 | Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)..... | 27 |
| 4.3 | persoal administración e servizos..... | 28 |
| 4.4 | Órganos unipersoais. Equipo Directivo..... | 28 |
| 4.5 | Consello Escolar..... | 28 |
| 5 | Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.... | 29 |
| 6 | Organización, funcionamento e horario da biblioteca..... | 30 |
| 7 | Programa de formación do profesorado..... | 33 |
| 8 | Solicitude de diversos programas..... | 35 |
| 9 | Anexos..... | 37 |
| 9.1 | Anexo I. Proxecto de fomento do uso do galego: Proxecto Lingüístico do centro curso 2022/23. Addenda..... | 42 |
| 9.2 | Anexo II PEC: Plan de convivencia e Normas de organización e funcionamento do centro..... | 47 |
| 9.3 | Anexo III. Plan anual de lectura curso 2020/21: Fomento da lectura e proxecto lector do centro..... | 47 |
| 6.1. | Promoción do Proxecto Lector do Centro conectando a biblioteca cos departamentos didácticos do centro educativo. Deste xeito, as lecturas escollidas para este curso desde algúns departamentos son: Departamento de Lingua Galega:..... | 47 |
| 9.4 | Anexo IV. Plan Xeral de atención á diversidade..... | 49 |

| | |
|--------------------------------------------------------------------|----|
| 9.5 Anexo V. Plan de igualdade. Addenda..... | 54 |
| 9.6 Anexo VI. Plans e Programas..... | 55 |
| 9.7 Anexo VII.- Modificación da PXA ao longo do curso 2022/23..... | 56 |

1 Plan Anual: obxectivos xerais, específicos, dotación de recursos, adaptacións e medidas propostas para a súa consecución.

1.1 Obxectivos xerais

- 1 Promover a participación das familias no labor formativo dos seus fillos, na xestión e funcionamento do centro a través das canles de comunicación existentes
- 2 Mellorar o nivel académico do alumnado.
- 3 Fomentar a participación do alumnado nas diferentes actividades do centro
- 4 Coordinar e facilitar a participación de todos axentes externos(concello, empresas, outros centros educativos, asociacións culturais e deportivas, medios de comunicación, centro de formación e recursos, forzas da seguridade, etc) nas diferentes actividades do centro.
- 5 Fomentar un bo clima de convivencia no centro con toda a comunidade educativa.
- 6 Continuar mellorando ou ampliando no posible o equipamento audiovisual e as aplicacións informáticas do centro.
- 7 Seguir insistindo de forma sistemática na mellora de hábitos do alumnado relativos ao mantemento, limpeza e coidado das instalacións do centro.
- 8 Mellorar o nivel de competencia linguística do alumnado nas linguas estranxeiras e potenciar a normalización linguística do centro.
- 9 Facilitar a integración no centro de todos os membros da comunidade educativa.
- 10 Mellorar o nivel de lectura e o interese pola mesma da comunidade educativa.

1.2 O xectivos específicos.

- 1 Asesorar e informar ás familias sobre a estimulación dos seus fillos, da promoción da súa autonomía, dos valores a considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado coa formación dunha sociedade para a convivencia democrática.
- 2 Posta en marcha dos programas e medidas que melloren o nivel académico dos alumnos/as para que a súa vez repercuta no seu mellor desenvolvemento en etapas do ensino superiores e no mundo laboral.
- 3 Posta en práctica de todas as medidas posibles de atención á diversidade para procurar dar resposta ás necesidades do alumnado do centro:
- 4 Favorecer un bo clima de traballo en equipo, consensuando temas e aglutinando o profesorado, aproveitando as actitudes e facetas de cada membro do Claustro e Consello Escolar, facendo válidas as suxestións e aportacións de todos.
- 5 Implicar e fomentar nas familias o sentimento e a necesidade de integración, relación e pertenza á comunidade educativa do centro, a través de - Asesoramento sobre o seu papel no proceso de maduración dos seus fill@s e na responsabilidade referente ao estudo.
- 6 Fomentar unha verdadeira educación fundamentada nos valores e actitudes: esforzo, igualdade, liberdade, pluralidade, respecto, responsabilidade, solidariedade e tolerancia.
- 7 Desenvolvemento do Proxecto Lingüístico do Centro.
- 8 Seguir formentado os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa a través da hora de ler semanal no centro, clubs de lectura tanto de alumnado coma de adultos.
- 9 Desenvolver o plan de acción tutorial a través da coordinación do departamento de Orientación cos tutores coa finalidade de desenvolver unha orientación académica e profesional axeitada e adaptada ao alumnado e facilitar o desenvolvemento do plan de convivencia.
- 10 Fomentar a comunicación entre os distintos sectores da comunidade educativa, empregando as canles pertinentes.

- 11 Desenvolver as competencias en linguas estranxeiras.
- 12 Desenvolver o plan de potenciación e utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.
- 13 Continuar coa posta en práctica do Plan de Autoprotección escolar e coa posibilidade da realización dun simulacro durante o curso.
- 14 Mellorar e aumentar a dotación das instalacións existentes no centro.

1.3 Dotación de recursos, melloras e adaptacións necesarias

En función das modificacións na oferta educativa previstas para este curso escolar, está atender as necesidades e deficiencias que vaian xurdindo coa adquisición ou reposición do material necesario, de acordo coas necesidades que se presenten, especialmente as relacionadas coa situación COVID-19 segundo as instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto das recomendacións xerais para a xestión da Covi-19 no ámbito educativo no curso 2022-23.

- Continuar coa contratación da empresa de desratización.
- Mellorar o mantemento, axilizando a reparación das avarías máis frecuentes (luces, persianas, baños, duchas, etc...)
- Seguir adecentando a parte exterior do edificio: cortar a herba alomenos 2 veces no ano; adecuación ou preparación para zonas axardinadas.

Melloras que se fixeron no centro:

- Cambiouse a pizarra dixital que estaba na aula 10 para a aula nº 33(grupo de 1º A) . Todas as aulas están dotadas de ordenador, proxector e pantalla.
- Neste novo curso 2022/23 as aulas empregadas para a reunión de titorías de pais serán as aulas nº 16, nº 8, nº 33 ou o despacho de Dirección se está libre.
- Continuamos con a aula-grupo e emprego de diferentes aulas para os desdobres, opcións alternativas das diferentes optativas e PDC.

1.4 Medidas propostas para a consecución destes obxectivos.

1.4.1 Comezo do curso

1.a Xornada de recepción de alumnos/as.Organización.

A primeira xornada de acollida neste curso 2022/23 desenvolveuse con normalidade: o alumnado de 1º ESO tivo unha sesión informativa no Salón de Encontros "Silvia Lijó" cos titores, equipo directivo e orientación o primeiro día de clase (8 de setembro de 2022). O resto dos grupos foron ás aulas co profesor correspondente no horario que tiñan asignado.

1.4.2 Actuacións ante a situación COVID-19

Neste curso 2022/23 seguiremos as instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto das recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2022/23 que recolle como debemos facer a ventilación dos espazos, hixiene de mans e hixiene respiratoria, uso da máscara e actuación ante síntomas compatibles e casos positivos de Covid-19.

A destacar o uso da máscara nos seguintes casos:

- Empregase no transporte escolar
- As persoas que presenten síntomas compatibles coa Covid-19

1.4.3 Medidas de atención á diversidade necesarias para atender as necesidades educativas especiais e as necesidades de apoio educativos.

- ✓ Os departamentos didácticos recollen nas súas programacións os obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- ✓ Cada profesor/a, dentro do posible, adaptará a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnos/as en particular, considerando estratexias de carácter ordinario que lle permitan atender á diversidade do alumnado, desenvolvéndose actividades de reforzo ou

de ampliación, se é o caso.

- ✓ No marco da acción tutorial, como parte esencial da función docente, o profesorado titor deberá desenvolver accións que lle permitan coñecer a cada alumno/a e facilitar a súa integración no grupo-clase e no centro.
- ✓ Dende a aula de apoio e na aula ordinaria do alumno/a as profesoras de Pedagogía Terapéutica e destinadas no centro atenden os **alumnos/as con RE e ACs** dos diferentes niveis na medida do posible. O alumnado que recibe o apoio educativo, proposto polo profesorado do centro, selecciónase de acordo cos seguintes criterios:
 - Forte retraso escolar.
 - Actitude positiva de cara ás aprendizaxes.
 - Atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
 - Aproveitamento do tempo de atención individualizada.
 - Estar preferentemente escolarizado no 1º ciclo.

Neste curso 2022/23 contamos con 1 alumnos/as de 1º ESO que teñen adaptación curricular, 2 alumnos/as de 2º ESO e 1 alumno de 4º ESO e con outros alumnos con dificultades de aprendizaxe que asisten á aula de apoio. Ademais contamos con 16 alumnos/as de 1º ESO en exención francés(reforzo en matemáticas) e con 9 alumnos/as de 2º ESO en exención francés(reforzo en lingua galega)

1.4.4 Dinamización da convivencia.

Despois de elaborada nos cursos pasados a redacción do Plan de Convivencia, froito do traballo e reflexión do grupo de traballo sobre convivencia creado no instituto, e recollidas todas as emendas da Comunidade educativa; neste curso temos que actualizar dito plan e o faremos a través do PFPP deste curso 2022/23 a través dun Seminario polo que seguiremos levando a efecto dito Plan coas súas modificacións derivadas dos cambios e actualización pertinentes.

Hai que destacar a importancia de estar implicado neste proxecto

de mellora da convivencia todo o centro, e en particular o equipo directivo, dinamizador da convivencia e o Departamento de orientación. A realización das propostas non sería posible de non existir unha axeitada confección de horarios, que posibilite a posta en marcha das medidas previstas no Plan de Convivencia:

a Plan de acollida para profesorado e alumnado novo:

a) Profesorado: elaboración dunhas carpetas con diferentes materiais e informacións para favorecer o coñecemento inmediato do xeito de funcionar, así como das particularidades específicas do alumnado. Neste curso 2022/23 esta carpeta continúa sendo virtual, está colgada no curso secretaría e subcarpeta profesorado da aula virtual do centro que está en constante actualización. Todas as modificacións e engadidos son actualizadas polo Equipo Directivo do Centro e Orientación

b) Alumnado: Este Plan de acollida consta de tres partes:

1ª: Visita ao instituto: realizada en maio dos diferentes cursos para todo o alumnado de 6º de primaria dos dous centros adscritos, cos seus profesores, para coñecer o centro.

2ª: Xornada de Portas Abertas: Neste curso 2022/23 fíxose unha reunión coas familias de 1º ESO o día 7 de setembro de 2022 para informar do comezo do curso e o funcionamento do centro e tamén a coordinadora de E-DIXGAL explicou e informou das plataformas que usa o alumnado e as familias: E-DIXGAL, aula virtual, páxina web e abalarMóbil.

Cabe destacar desta reunión que por parte do Equipo Directivo tamén se informou das medidas que hai que desenvolver neste curso en relación ao COvid-19

3ª Xornada de Convivencia: Durante os primeiros días de clase sempre se realiza unha saída á natureza, de todo o alumnado e

profesorado do instituto, coa intención de favorecer as relacións humanas e o intercambio, así como o coñecemento mutuo e neste curso 2022/23 foi o 16 de setembro de 2022 dende o Faro Vilán pasando pola Virxe do Monte e rematar no peirao de Camariñas.

b **Posta en marcha da nova estrutura organizativa** para o tratamento de prevención de problemas de conduta.

A Neste curso continuarase do mesmo xeito que o anterior á hora de proceder para evitar conflitos e tentar solucionar os incidentes que vaian xurdindo. Para isto está creada unha comisión de convivencia que analiza semanalmente a situación da convivencia no centro

Neste curso 2022/23 hai un cambio con respecto a cursos anteriores na xestión das sancións, hainas que entregar en Xefatura de Estudos ou Dirección e dende ahí se xestionan e se introducen no Xade. Estes informes de faltas de conduta son actualizados na aula virtual do centro e postos en coñecemento ao profesorado . Nas propias sancións hai que describir o conflito xurdido na aula para saber con detalle o que pasou.

B Organización e seguimento doutras medidas e Plans que axudan a mellorar o ambiente de convivencia e de previr posibles conflitos:

- PIF (Programa de Intervención Familiar, en colaboración co Concello de Camariñas).
- Plan de Acción Titorial desenvolvido polo Departamento de Orientación e dirixido pola orientadora do centro.
- Asociacións externas ao centro que colaboran desinteresadamente.
-

3ª Fase: Seguimento e avaliación do Plan

Trimestralmente iremos facendo unha avaliación do funcionamento das medidas dende a Comisión de Convivencia.

Íranse recollendo as propostas de variacións e cambiando ou engadindo as medidas e iniciativas que de xeito consensuado se propoñan.

1.4.5 Plan de mellora da biblioteca, fomento do hábito lector entre a comunidade educativa e desenvolvemento do Plan Lector do Centro.

O equipo de biblioteca de cara ao curso 2022-2023 vai ter cambios. Continuarán: María Varela, profesora de lingua francesa; e Fabiola Cobián, profesora de bioloxía e xeoloxía e coordinadora do equipo. Incorpórase ao equipo María Duro, profesora de Lingua Galega e encargada de levar a radio escolar e difundir as novas a través da páxina web do instituto

A programación de actividades da BE para este curso 22-23 revisará o calendario habitual de actividades no noso centro para centrar o seu esforzo naquelas liñas de acción con máis arraigo e conectadas coa promoción da lectura e do hábito lector na nosa comunidade. Para tal fin, atenderemos ás recomendacións da Asesoría de Bibliotecas Escolares. Deste xeito, durante este curso desenvolveremos as seguintes actividades ou programas:

- Hora de ler: promoción do hábito lector e do apego pola lectura. Unha horasemanal de outubro a maio.
- Pequenas bibliotecas de aula: selección de lecturas para ter de man en caso do alumnado fallar en traer o seu libro de lectura na sesión de Hora de Ler. Tamén libros de consulta.
- Clubs de lectura para cada nivel educativo e de adultos. A programación das lecturas axustarase a diversas temáticas e xéneros literarios; banda deseñada, manga, narrativa, ciencia,...
- Encontros con autores/as e/ou conferencias, posiblemente con Leticia Costas, César Mallorquí ou Care Santos.
- Mochilas viaxeiras de contido científico impulsadas polo CEIDA para conmemorar o Mes da ciencia en Galego nas Bibliotecas. Traballarase co alumnado na materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1ºESO
- Recomendacións lectoras en formato dixital previa aos períodos vacacionais.
- Formación de usuarios/as
- Nos recreos, creación dun espazo de clubs de encontro propostos polo propio alumnado, e no que pode participar tamén o profesorado.
- Lectura a voz viva con cans polo día Internacional dos Dereitos dos Animais

1.4.6 Coordinar o Plan de Acción Titorial

O plan de acción titorial será desenvolvido polos titores de cada grupo en coordinación co departamento de Orientación.

Todos os grupos teñen no seu horario unha hora semanal na que se realizan as actividades de tutoría e orientación académica e profesional.

Os titores dos grupos manterán reunión quincenais de coordinación co Orientador, ás que asistirá tamén a Directora periódicamente.

O departamento de orientación queda formado polas/os seguintes docentes:

- Xefe do departamento de orientación:

José Rodríguez Martínez

M^a Benedicta Mouzo Romero (Directora e Orientadora)

- Profesorado de Pedagogía Terapéutica:

M^a Belén Miñones Bermúdez

Andrea Castiñeira Martelo (mestra de PROA+ a media xornada)

- Profesorado de Audición e Linguaxe:

Tania Villamor Vázquez (compartida co CPI de Laxe e o IES de Vimianzo)

- Horarios de tutorías

O horario de atención ás familias polos diferentes titores e orientador é o seguinte:

| | TITOR/A | ALUMN O/AS | HORA DE ATENCIÓN A PAIS | |
|-------|--------------------------------------|--------------------|-------------------------|-------------|
| 1ºA | EMMA VILLAR PÉREZ | 25 | MERCORES | 11:00-11:50 |
| 1ºB | PABLO RODRÍGUEZ BALEIRÓN | 25 | VENRES | 10:35-11:25 |
| 2ºA | FEDERICO VÁZQUEZ DE LA FUENTE | 20 | MERCORES | 11:50-12:40 |
| 2ºB | JÉSSICA REGUEIRO BARREIROS | 21 | LUNS | 11:00-11:50 |
| 3ºA | CARME FERNÁNDEZ GARCÍA | 22 | MARTES | 11:00-11:50 |
| 3ºB | FELIPE BUENO PALOMINO | (15) 22 | MARTES | 11:50-12:40 |
| 3ºPDC | RAQUEL RIAL SANTOS | 7 | LUNS | 11:00-11:50 |
| 4ºA | MARTA ANDIÓN LINARES | 26 | VENRES | 10:35-11:25 |
| | JOSÉ RODRÍGUEZ MARTÍNEZ | ORIENT ADOR | MARTES | 13:55-14:45 |

Neste curso 2022/23 incluímos no horario do profesorado 1 hora de atención ás familias tanto aos titores coma o resto do profesorado.

| PROFESOR/A | HORA DE ATENCIÓN A PAIS/NAIS | |
|---------------------------------------|------------------------------|-------------|
| ADELA COELLO TORRES | MARTES | 11:50-12:40 |
| M ^a BELÉN MIÑONES BERMÚDEZ | MARTES | 12:40-13:05 |
| FRANCISCO JAVIER BREY FERREIRO | XOVES | 11:00-11:50 |
| BRUNO MONTERO RODRÍGUEZ | XOVES | 11:00-11:50 |
| ESTEFANÍA BUGALLO SILVA | MERCORES | 11:50-12:40 |
| FABIOLA G. COBIÁN MUÑOZ | LUNS | 09:45-10:35 |
| GEMA E. LOIS GÓMEZ | LUNS | 11:50-12:40 |
| JACOBO B SANTOS SOLLA | LUNS | 11:50-12:40 |
| MARÍA DURO SANTOS | MERCORES | 11:00-11:50 |
| MARÍA JOSÉ VARELA LIÑARES | MARTES | 13:05-13:55 |
| MARIVÍ MOUZO ROMERO | VENRES | 11:25-12:15 |
| THAIS BARREIRO PAZOS | LUNS | 11:50-12:40 |
| | | |

1.4.7 Plan Lingüístico de Centro.

A composición do EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

REPRESENTANTES DO PROFESORADO:

María Benedicta Mouzo Romero (Orientación)

María Duro Santos (Lingua Galega e Literatura)

Carme Fernández García (coordinadora)

REPRESENTANTES DO ALUMNADO

- Elena Lema 1º ESO
- Nicolás Lema 1º ESO
- Eburne Sambade 1º ESO
- Xaquín Hermida 3º ESO
- Yerai Lobelos 3º ESO
- Daniel Pasantes 3º ESO
- Ainhoa Rodríguez 3º ESO

REPRESENTANTE DO PERSOAL NON DOCENTE:

Pilar Rey Silva

1.4.8 Desenvolver o plan de potenciación e utilización das tecnoloxías da información e da da comunicacións.

A coordinadora do plan TIC é a profesora de tecnoloxía, Gema Elena Lois Gómez.

As materias incluídas en E-Dixgal son as seguintes:

1º ESO

1. Matemáticas
2. Francés/Exención Francés
3. Bioloxía
4. Relixión/Valores Éticos
5. Educación Física
6. Educación Plástica

2º ESO

1. Educación Física
2. Física
3. Relixión/Valores Éticos
4. Francés/Exención Francés
5. Tecnoloxía
6. Inglés

3º ESO

1. Lingua Castelá
2. Lingua Galega
3. Matemáticas
4. Física e Química
5. Bioloxía
6. Relixión/Valores Éticos
7. Educación Física
8. Tecnoloxía
9. Francés

4º ESO

1. Lingua Castelá
2. Lingua Galega
3. Matemáticas
4. Física e Química
5. Bioloxía
6. Relixión/Valores Éticos
7. Educación Física
8. TICs
9. Francés
10. Economía
11. Ciencias aplicadas á actividade profesional

Neste curso continuamos con E-Dixgal con todo o alumnado do centro. Tentamos que a gran maioría do profesorado aínda que a súa materia non estea contemplada como materia E-Dixgal que use a plataforma para xestionar a materia dende ahí e non usar a aula virtual. Consideramos usar a aula virtual máis para a información xeral do centro de forma privada que poida ter acceso o alumnado. O coordinador do Plan Dixital é Francisco Javier Brey Ferreiro.

Obxectivos de centro a curto prazo

Entendendo por curto prazo o período que comprenderá o presente curso 2022-23, preténdense acadar os seguintes obxectivos:

- 1 Afondar no uso de abalarMóbil para favorecer a comunicación áxil de incidencias na aula ás familias.
- 2 Coñecer cal é a situación nos fogares do alumnado en canto a dispoñibilidade de acceso á rede para tratar de solventar carencias canto antes no caso de que teñan que recibir formación por este medio dende o seu domicilio, por enfermidade, confinamento, etc.
- 3 Proporcionar formación básica a toda a comunidade educativa para poder manexar as ferramentas dixitais que se empregan no centro: web, aula virtual, E-Dixgal, Agueiro, calendarios de exames e reserva de aulas, formularios de recollida de información, etc.

- 4 Realizar inventario da totalidade do equipamento TIC.
- 5 Realizar un mantemento básico de equipos.
- 6 Coordinar a instalación e distribución de novos equipos.
- 7 Concienciar da necesidade de máximo respecto pola conservación dos equipos e o seu uso responsable e solidario.
- 8 Procurar a consideración e uso real da web do centro como medio de comunicación coa comunidade educativa, máis aló de empregala como expositor de actividades realizadas.
- 9 Asentar entre o alumnado a concepción do uso das TIC como un medio de formación que supere o concepto exclusivamente lúdico que ás veces se lles dá.
- 10 Dotar ó alumnado de recursos básicos para o recoñecemento da fiabilidade das fontes e a información á que acceden en internet e para un uso seguro da rede.
- 11 Fomentar condutas responsables ambientalmente no uso das TIC.
- 12 Avanzar no uso do software libre.
- 13 Informar á comunidade educativa das actividades formativas relacionadas coas TIC das que se teña coñecemento e que se considere que poidan ser do seu interese.
- 14 Xestionar as incidencias asociadas ó equipamento E-Dixgal do centro.
- 15 Recibir formación a través do CFR para que o profesorado mellore a súa competencia para a creación de recursos propios.
- 16 Desenvolver as accións previstas no Plan dixital do centro.

Obxectivos de centro a longo prazo

- 1 Promover a coordinación dos diferentes departamentos para acadar a mellora da competencia dixital do alumnado.
- 2 Conseguir que cada docente poida elaborar os seus propios contidos e os leve á aula con éxito.
- 3 Mellorar a dotación de medios informáticos no centro.

- 4 Acadar un uso máis extendido das TIC por toda a comunidade educativa.
- 5 Conseguir que se faga uso das TIC de xeito seguro e respectuoso cos demais.

1.4.9 Centro plurilingüe.

Neste curso 2022/23 é o octavo ano consecutivo que nos incorporarmos á rede de centros plurilingües: incorporación do centro á rede de centros plurilingües no curso 2015/16. A área escollida para desenvolver totalmente en Lingua Estranxeira Inglesa é Educación Plástica e Visual, en 1º ESO e 3º ESO, Hábitos Saudables en 2º ESO e Xeografía e Historia de 4º ESO.

O curso pasado 2021/22 solicitamos a renuncia a participar na Rede de centros plurilingües pero non a aceptaron, a pesares de estar aprobada en Claustro e Consello Escolar pero a resposta é que no está contemplada na lexislación a renuncia. En relación á isto presentamos na Consellería unha solicitude para que lexislen a opción solicitada por nós.

O coordinador é Felipe Bueno Palomino.

A principios de curso nos concederon unha auxiliar de conversa compartida co CEIP Plurilingüe Ponte do Porto. Continúa sendo a mesma persoa do curso pasado: Kevin McMahon. Dende 1 de outubro ata o 31 de xaneiro de 2023 está no CEIP Plurilingüe Ponte do Porto e dende o 1 de febreiro ata o 31 de maio de 2023 estará no noso centro

1.4.9.1 Fomentar a comunicación entre os distintos sectores da comunidade educativa.

- Establecer canles ou medidas eficaces que permitan solucionar as incidencias e conflitos co alumnado que dificulta o funcionamento diario do centro:
 - potenciando a maior implicación e participación das familias e do profesorado no proceso educativo
 - tratando de resolver os conflitos de maneira individual e inmediata co alumno/a e coa familia

- traballando a elaboración das normas de convivencia do grupo/aula
- coas reunións de pais/nais con titores/as
 - coa intervención doutros posibles mediadores: servizos sociais do concello (coa continuidade do “Plan de intervención familiar en centros educativos”)
 - priorizando, na medida do posible, a formación de desdobres ou grupos reducidos.
- A colaboración institucional (Concello, Programa PIF, Servizos Sociais, Policía Local, Garda Civil, etc...) é tamén fundamental nun proceso de cambio: os educadores, ás veces, séntense sos fronte aos conflitos de convivencia, especialmente naqueles casos en que sobrepasan o ámbito do contexto escolar e requiren doutro tipo de intervención. A colaboración dos axentes sociais, sobre todo do ámbito municipal, contribúen a unha abordaxe integral e máis exitosa de calquera das situación que poidan acontecer no centro. .
- Neste curso 2022/23 fíxose a reunión no mes de setembro con todos os pais/nais cos titores/as para 1ª toma de contacto: o mércores 28 de setembro de 2022 para 1º ESO e o xoves 29 de setembro de 2022 para 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO.Toda a información farase a través da aula virtual, páxina WEB do centro, abalarMóbil. As reunións de titorías faranse preferentemente via telemática ou por teléfono e moi excepcionalmente de forma presencial e con cita previa.
- As reunións do Consello Escolar durante este curso 2022/23 faranse presencialmente.
- O resto das reunións de coordinación serán presenciais. Faranse coa periodicidade segundo a normativa vixente. Previamente enviarase por correo electrónico a convocatoria e a orde de cada sesión.
- Os avisos tamén se farán por vía whatsapp coa finalidade de que sexan máis inmediatos.

1.4.10 Avaliacións.

✓ **AVALIACIÓN INICIAL:**

A partir da exploración inicial realizada polo profesorado das distintas materias durante as primeiras semanas do curso, os equipos docentes levan a cabo unha avaliación inicial. As datas establecidas para esta posta en común son 26 e 27 de setembro de 2022..

✓ **CALENDARIO DE AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS:**

Márcase o comezo e o final de cada avaliación en función do calendario escolar:

1ª avaliación: ata o 22 de decembro de 2022: as sesións de avaliación serán o 19 e 20 de Decembro e a entrega de notas o 22 de decembro de 2022 .

2ª avaliación: ata o 31 de marzo de 2023: as sesións de avaliación serán o 28 e 29 de marzo de 2022 e a entrega de notas o 31 de marzo de 2023.

3ª avaliación: avaliación previa á final ata o 2 de xuño de 2023: as sesións de avaliación serán o luns día 5 de xuño de 2023 e o martes día 6 de xuño de 2023.

A avaliación final será o xoves día 22 de xuño de 2023.


Entrega de notas posible data venres 23 de xuño de 2023.

Previamente ás sesións de avaliación a Xefatura de Estudos distribuirá os días e horas que corresponden a cada grupo.

Nas sesións de avaliación cada titor/a levantará acta dos acordos tomados e dos resultados da avaliación. Esta acta quedará arquivada na secretaría do centro.

1.4.11 Distribución de espazos.

Durante este curso 2022/23 seguiremos coa organización de aula-grupo . O alumnado nas aulas estará colocado nos pupitres segundo o mapa de clase que se actualizará na aula virtual cada vez que haxa cambios.



1.4.12 LIBROS DE TEXTO

Ao ter E-Dixgal en todos os cursos non se pode participar no fondo solidario de libros de texto por formar parte do Proxecto E-Dixgal

LISTADO DE LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2022/23
Participación no proxecto de E-DIXGAL (1ºESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO)
polo tanto non hai fondo de libros

CURSO

| 1º ESO | MATERIA | TÍTULO | EDITORIAL | ISBN |
|--------|----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|-------------------|
| | LINGUA GALEGA | Caderno Ortografía 1º ESO Anaya ISBN 978 8467814163 | | |
| | LINGUA CASTELÁ | Cuadernillo de refuerzo y recuperación 1ºESO Casals Editorial ISBN 978-84-218-5485-3 | | |
| 2º ESO | MATERIA | TÍTULO | EDITORIAL | ISBN |
| | LINGUA GALEGA | Caderno Ortografía 2º ESO Anaya ISBN 978 8467826838 | | |
| | | Lingua e Literatura 2º ESO | Xerais | 978-84-9121-023-8 |
| | LINGUA CASTELÁ | Cuadernillo de refuerzo y recuperación 2ºESO Casals Editorial ISBN 978-84-218-5752-6 | | |
| | | Lengua Castellana y Literatura 2º ESO. Proyecto Saber Hacer. Serie Libro Abierto | Santillana | 978-84-8305-649-3 |
| | XEOGRAFÍA E HISTORIA | Xeografía e Historia 2º ESO. Serie Descubre. Proyecto Saber Facer | Santillana-Obradoiro | 978-84-9972-712-7 |
| | MATEMÁTICAS | Matemáticas 2º ESO. Aprender es crecer | Anaya | 978-84-698-1426-0 |
| 3º ESO | MATERIA | TÍTULO | EDITORIAL | ISBN |
| | LINGUA GALEGA | Caderno Ortografía 3º ESO Anaya ISBN 978 8467814187 | | |
| | FRANCÉS | Cahier d'exercices Transit 3, Editorial Santillana, ISBN: 9788490494530. | | |
| | LINGUA CASTELÁ | 3º ESO Cuadernillo de refuerzo y recuperación Casals Editorial ISBN 978-84-218-5486-0 3º PDC Cuadernillo de refuerzo y recuperación Editorial Casals ISBN 978-84-218-5484-6 | | |
| 4º ESO | MATERIA | TÍTULO | EDITORIAL | ISBN |
| | LINGUA GALEGA | Caderno Ortografía 4º ESO Anaya ISBN 978 8467827095 | | |
| | LINGUA CASTELÁ | Cuadernillo de refuerzo y recuperación 4ºESO Casals Editorial ISBN 978-84-218-5753-3 | | |
| | XEOGRAFÍA E HISTORIA | Historia. Serie Descubre. Proyecto Saber Facer. | Santillana-Obradoiro | 978-84-9972-713-4 |
| | LATÍN | Latín 4º ESO | Casals | 978-84-218-6111-0 |

1.4.13 Autoprotección

Como complemento do Plan de autoprotección escolar e das medidas de seguridade, preténdese:

- Colaborar co Equipo de Protección Civil do concello de Camariñas e se a situación mellora para volver a realizar un simulacro de evacuación de todo o alumnado e profesorado.

2 Horario xeral no IES

2.1 Horario xeral do instituto.

O horario xeral do Instituto será de mañá. Abren as portas do instituto ás 7:45 horas e cerran ás 20:00 horas de luns a venres. O día elixido para facer as xuntanzas será os xoves pola tarde.

2.2 Horario lectivo do centro:

O horario da xornada escolar durante o que se desenvolven as clases aprobado por Xefatura Territorial e con emisión de resolución favorable con data 6 de setembro de 2022 de maneira excepcional e para o vixente curso 2022/23 é o seguinte:

De luns a xoves de 8:30 a 14:45 horas.

Venres de 8:30 a 14:20 horas.

Distribución das sesións:

| | <u>De LUNS a XOVES</u> | <u>VENRES</u> |
|----------------------|-------------------------------|--------------------------|
| 1^a | 8.30 a 9.45 | 8.30 a 9.20 |
| 2^a | 9.45 a 10.35 | 9.20 a 10.10 |
| | LECER 10.35-11.00 | LECER 10.10-10.35 |
| 3^a | 11.00 a 11.50 | 10.35 a 11.25 |
| 4^a | 11.50 a 12.40 | 11.25 a 12.15 |
| | LECER 12.40-13.05 | LECER 12.15-12.40 |
| 5^a | 13.05 a 13.55 | 12.40 a 13.30 |
| 6^a | 13.55 a 14.45 | 13.30 a 14.20 |

Durante o curso escolar 2022/23 poderán desenvolverse as actividades complementarias e/ou extraescolares que programadas e aprobadas polo Consello Escolar na PXA

2.3 Horario de apertura do centro e de atención ao público:

O centro permanecerá aberto durante o horario lectivo sinalado, establecéndose tamén durante os períodos lectivos do curso un horario específico das oficinas administrativas do Instituto para a **atención ao público** polas **mañás (de 9 a 14 horas)**.

O centro permanecerá aberto ata as 20:00 horas todos os días da semana. Este horario de apertura poderá ser ampliado cando haxa algunha actividade.

Períodos vacacionais:

Durante o **mes de xullo** abrirase (**en horario de mañá, de 10 a 13.30 horas**) con todo o persoal non docente, e procurando a presenza dun membro do equipo directivo.

Habílitase o mes de agosto como período de vacacións do persoal.

Días non lectivos:

Ademais dos períodos vacacionais pertinentes que establece o calendario escolar (ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia) e os festivos declarados pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, o noso centro solicitou o mércores 2 de novembro de 2020 e os martes 2 de maio de 2023.

2.4 Horario dos profesores:

Os titores de nivel que forman parte do Departamento de Orientación terán unha hora semanal de reunión coa Orientadora a efectos de coordinación .

Nos horarios individuais aparecerán:

- **Horas de docencia**, grupos e materias.
- **Gardas do tempo de lecer. Habera 4 profesores/as cada recreo, 1 profesor de garda dentro que se encargará de revisar o acceso á cafetería, 1 profesor de garda exterior de clase, 1 profesor de garda da biblioteca e 1 profesor de garda no Ximnasio.**

As gardas de entradas e saídas do alumnado serán controladas polo equipo directivo (equivalencia 3 gardas de entrada ou saída por 1 sesión)

- **Gardas de clases. 1 profesores/as en cada sesión agás nas sesións da 4ª hora e nalgunha das sesións da 3ª hora que haberá máis de 1 profesor/a.**

- **@s Xefes/as dos Departamentos teñen unha redución semanal de 1 hora.**

- **Os profesores que están no Consello Escolar teñen unha redución de 2 horas**

- Todos os profesores/as completan un horario de **23 horas semanas fixas no centro**. Estas horas serán o resultado de totalizar as horas de docencia, as gardas e titoría de pais.

Os horarios dos profesores e as quendas de gardas de horas de clase e de tempo de lecer están expostos na sala de profesores e na Administración.

2.5 Horarios do alumnado. Criterios pedagóxicos.

Adóptanse os seguintes criterios pedagóxicos no curso 2022-23:

- A duración das clases será de 50 minutos, salvo a primeira hora de luns a xoves, que será de 75 minutos.
- Haberá dous tempos de lecer de 25 minutos: o primeiro entre a 2ª e a 3ª sesións e o segundo entre a 4ª e a 5ª sesións.
- Procurarase que as materias con dúas sesións non se impartan en días seguidos ou en luns e venres.
- As materias que se impartan a primeira hora de luns a xoves deberán ter un mínimo de 3 horas.
- Non se programarán máis dunha sesión da mesma materia ou ámbito nun mesmo día, salvo solicitude expresa e xustificada dun Departamento didáctico.
- Evitar que as materias que dispoñen dunha sesión semanal coincidan nos días nos que hai máis festivos.

2.6 Calendario de reunións.

As xuntanzas dos órganos colexiados que se consideren necesarias para un mellor funcionamento do centro convocaranse ordinariamente polas tardes dos xoves a partir das 16:30

A principio de curso levaranse a cabo reunións dos equipos docentes por niveis, despois de realizada a avaliación ou exploración inicial por parte do profesorado das distintas materias.

As sesións de avaliación trimestral marcaranse nos días da semana anterior á entrega de notas. O calendario aparece recollido no plan de avaliación aprobado polo Claustro.

3 Servizo de transporte escolar

Unha vez rematado o curso anterior, non se prevé a necesidade de novas paradas, aos efectos de organización do servizo do transporte escolar para o curso seguinte.

Tivemos que presentar un recurso de alzada por parte de 3 familias do centro para que reactivaran 3 paradas que no curso pasado non houbo alumnos. Dende o centro tamén se presentou unha solicitude de reactivación das paradas. Finalmente, na semana do 14 ao 18 de outubro nos enviaron un listado de paradas reactivadas nas cales se atopan as do noso centro.

Realízase unha xuntanza cos responsables das empresas a comezo de curso para revisar o número de alumnos/as que viaxa en cada autobús e as normas de funcionamento, o horario de saída das cabeceiras de ruta, tratando de axustalo de forma que os/as rapaces/as teñan o mínimo tempo de espera no patio antes da hora de apertura das portas do instituto. Para conseguir este obxectivo, ningún autobús debe saír da cabeceira de ruta antes deste horario. En todo caso, os transportistas procurarán a chegada dos autobuses ao centro non máis de cinco minutos antes do comezo das clases. Case todos os alumnos fan uso do servizo de transporte escolar. No curso 2020/21 por primeira vez contamos cunha acompañante en cada liña de transporte e continuamos da mesma forma.

Aproveitando as recomendacións pola situación Covid-19, antes de empezar as clases entregamos unha distribución do alumnado de cada ruta aos condutores e acompañantes da mesma.

Hai varios alumnos/as que debido a súa situación familiar solicitaron dúas paradas.

| Itinerarios | Cabeceiras de ruta | Hora | de Empresa | Nº alumnos |
|-------------|--------------------|------|---------------------------------|------------|
| 1 | SANTA MARIÑA | 8.15 | AUTOS FONDO E HIJOS, S.L | 16 |
| 2 | A DEVESA | 8.25 | AUTORCARES FACAL, S.L. | 17 |
| 3 | CAMELLE-PORTO | 8.30 | AUTORCARES FACAL, S.L. | 21 |
| 4 | AROU | 8.25 | AUTORCARES FACAL, S.L. | 11 |
| 5 | TUFÍONS | 8.25 | AUTOCARES FACAL, S.L. | 24 |
| 6 | CAMARIÑAS-BURÍA | 8.20 | AUTORCARES FACAL, S.L. | 39 |
| 7 | CAMARIÑAS- | 8.20 | AUTORCARES FACAL, S.L. | 22 |
| 8 | CAMARIÑAS-LONXA | 8.20 | AUTOCARES LÓPEZ E HIJO, S.L. | 23 |

4 Datos do centro: alumnado, profesorado e personal non docente

4.1 Claustro de profesores: Órganos de coordinación, cargos e función.

Formado por 24 profesores/as (16 definitivos), pertencentes 20 deles ao corpo de PES, 3 ao de MESTRES(1 mestra é concedida dentro do PROA+ a media xornada) e 1 profesor de Relixión(compartida co IES Fernando Blanco de Cee e o IES Ramón Caamaño de Muxía). A mestre de audición e linguaxe(ao noso centro vén os martes) compartida co CPI Eugenio López de Laxe e IES Terra de Soneira.

| IESP PEDRA DA AGUIA – CURSO 2022/23 | | | |
|--------------------------------------------|----|-------------------------------------|-----------------------------|
| Departamento | | Docente | Correo electronico |
| CIENCIAS DA NATUREZA | 1 | Fabiola Guadalupe Cobián Muñoz | fabiolaguadalupecobianmunoz |
| | 2 | Estefanía Bugallo Silva | estefaniabugallosilva |
| CIENCIAS SOCIAIS | 3 | Jacobo Benjamín Santos Solla | jacobosantos |
| | 4 | Pablo Rodríguez Baleirón | pablorodriguezbaleiron |
| EDUCACIÓN FÍSICA | 5 | Bruno Montero Rodríguez | bruno11 |
| EDUCACIÓN PLÁSTICA | 6 | Francisco Javier Brey Ferreiro | breyferreiro |
| FÍSICA E QUÍMICA | 7 | Adela Coello Torres | act |
| FRANCÉS | 8 | María José Varela Liñares | maria.jose.varela.linares |
| INGLÉS | 9 | Marta Andión Linares | martaandionlinares |
| | 10 | Felipe Bueno Palomino | felipebueno |
| LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | 11 | María Raquel Rial Santos | rialsantos |
| | 12 | Jessica María Regueiro Barreiros | jessica.regueiro.barreiros |
| LINGUA GALEGA E LITERATURA | 13 | María Duro Santos | maria.duro |
| | 14 | Carme Fernández García | carme.fernandez.garcia |
| MATEMÁTICAS | 15 | Thais Barreiro Pazos | thaisbarreiropezos |
| | 16 | Emma Villar Pérez | emma.villar |
| MÚSICA | 17 | Federico Ramón Vázquez de la Fuente | fasequeiros |
| ORIENTACIÓN | 18 | María Benedicta Mouzo Romero | mb.mouzo |
| | 19 | José Rodríguez Martínez | jrmgalicia |
| | 20 | María Belén Miñones Bermúdez | belenmb |
| | 21 | Tania Villamor Vázquez | tania.villamor |
| RELIXIÓN | 22 | Berta Pazo Cuña | bpazo |
| TECNOLOXÍA | 23 | Gema Elena Lois Gómez | loises |
| PROA+ | 24 | Andrea Castiñeira Martelo | andrea.castineira |

4.2 Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

DIRECTORA: M^a Benedicta Mouzo Romero

XEFE DE ESTUDOS: Jacobo B. Santos Solla

XEFES/AS DE DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS:

LING. CASTELÁ E LIT.: Raquel Rial Santos

FRANCÉS: M^a José Varela Liñares

XEOGRAFÍA E HISTORIA: Pablo Rodríguez Baleirón

MATEMÁTICAS: Thais Barreiro Pazos

FÍSICA E QUÍMICA: Adela Coello Torres

EDUCACIÓN FÍSICA: Bruno Montero Rodríguez

MÚSICA : Federico Ramón Vázquez de la Fuente

PLÁSTICA E VISUAL: Fco.Javier Brey Ferreiro

TECNOLOXÍA: Gema Elena Lois Gómez

CIENCIAS DA NATUREZA: Fabiola Guadalupe Cobián Muñoz

ORIENTACIÓN: José Rodríguez Martínez

ACTIV. EXTRAESCOL.: Jacobo Benjamín Santos Solla

COORD. EDL: Carme Fernández Rodríguez

COORD . BIBLIOTECA: Fabiola Guadalupe Cobián Muñoz

COORD. TIC e E-Dixgal: Gema Elena Lois Gómez

COORD PLAN DIXITAL: Francisco Javier Brey Ferreiro

PT: M^a Belén Miñones Bermúdez

Os criterios para a designación do Secretario/a establécense na 1^a xuntanza da Comisión e son os seguintes:

- 1) Voluntariedade dalgún dos integrantes.
- 2) O membro de menor idade.
- 3) @ secretario@ será designado/a por un curso.

Durante este curso 2022/23 a secretaria será por ser membro de menor idade e que nunca exerceu a función neste centro: Marta Andión Linares.

4.3 Persoal administración e servizos.

ADMINISTRATIVA: Eva María Amado Calvo

SUBALTERNA: Pilar Rey Silva

PERSOAL LABORAL: M^a Eugenia Castro García
M.^a Remedios Pose Anido(substituta de M^a
Pilar Silva Lema)
Ana María Vigueret Martínez

PERSOAL CAFETERÍA: Norma Lema Tajés

4.4 Órganos unipersoais. Equipo Directivo.

DIRECTORA: María Benedicta Mouzo Romero.

XEFE DE ESTUDOS: Jacobo Benjamín Santos Solla.

SECRETARIA: Adela Coello Torres.

4.5 Consello Escolar.

De acordo cos resultados da última renovación parcial de novembro do 2021, e coas baixas ou ausencias producidas nos distintos sectores, o Consello Escolar neste curso queda constituído polos seguintes membros ata a nova constitución do Consello Escolar por renovación parcial dos seus membros (o xoves día 24 de novembro de 2022)

- Equipo directivo.
- Representante da ANPA: Digna María Rodríguez Romar.
- Representante do Concello: Begoña Tajés Méndez
- Profesores/as:

Gema Lois Gómez

María Duro Santos

M^a Belén Miñones Bermúdez

Francisco Javier Brey Ferreiro

Bruno Montero Rodríguez
Fabiola Guadalupe Cobián Muñoz

- Alumn@s : Emma Martínez Villar
Manuel Vázquez Baña

- Pais e nais: Sandra Mouzo Romero

- Persoal adm. e servizos: M^a Eugenia Castro García

5 Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.

ACTIVIDADES PARA TODO O CENTRO.

O coordinador deste departamento é Jacobo Santos Solla, que tamén é Xefe de estudos e profesor de Xeografía e Historia. Aínda que se trata dun departamento unipersoal, colaboran con el, o xefe do Departamento de Orientación, José Rodríguez Martínez, e a coordinadora Biblioteca, Fabiola Cobián Muñoz. Os tres reúnense os venres as 11.25 para valorar as actividades que se propoñen desde os distintos departamentos.

ACTIVIDADES DO CENTRO Unha vez pasada a pandemia do COVID-19, o Centro volve a retomar moitas das actividades complementarias e extraescolares que se facían con anterioridade a mesma e mantén outras que se puideron facer neste tempo coas debidas precaucións.

Participa ou organiza as seguintes actividades

- Plans Proxecta: Proxecto Terra, Quérote +, Proxecto Ríos e Proxecto de Vida Activa e Saudable.

- Programas de Éxito Educativo: PROA+ (solicitando unha PT),

- Contratos—Programa Inclúe (IGUALA-T, CONVIVE-T, EMOCIONA-T) e Contratos—Programa Innova (EDUsáude)

- Programa de froitas frescas, lácteos e castañas (FOGGA) ao longo do curso con 2 períodos de distribución que comezarán o 14 de novembro de 2022 e o 15 de maio de 2023.

- Programa Mar na Escola (1º ESO) os meses de marzo e abril 2023.

- Programa de concienciación medioambiental en Viérnoles, Cantabria (2º ESO) mediados de outubro 2022.

- Programa de inmersión lingüística DIGITALWEEK (3º ESO) a mediados de novembro de 2022

- Programa de Inmersión lingüística SPRINGWEEK (2º ESO) a mediados de maio de 2023

6 Organización, funcionamento e horario da biblioteca.

A.1.- Xestión da biblioteca

No contexto sociocultural da Costa da Morte, o instituto é un punto clave de dinamización socioeducativa e un recurso esencial na interrelación con toda a comunidade. Nese sentido, a biblioteca escolar funcionaría como un centro creativo de aprendizaxes, de carácter dinámico e en constante actualización. Así entendida, pode ser un elemento estratéxico para a innovación pedagóxica, que axude a revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural dos centros, proporcionando ao profesorado e ao alumnado oportunidades para o emprego de múltiples recursos, que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe e na adquisición das competencias clave por parte do alumnado.

O eixe central para este curso, en cumprimento cos obxectivos do desenvolvemento sostible da axenda 2030, será a promoción e a concienciación sobre a produción e o consumo responsables (12), hábitos saudables (3) e vida submarina (14).

En relación aos ODS 12 e 3, levarase a cabo un club de encontro nos recreos sobre a “horta escolar” e aprenderemos noções básicas sobre cultivos de plantas, eliminación de plagas, coidade e mantemento dos cultivos.

En relación ao ODS 14, durante o Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas en novembro, traballaremos cos libros da maleta viaxeira do CEIDA titulada “Maleta mariñeira” e o alumnado de 2ºESO realizará unha exposición sobre o proxecto de microplásticos que desenvolverán no Centro de Educación ambiental de Viérnoles (Cantabria) da semana do 24 ao 28 de outubro.

A.1.1OBXECTIVOS E FUNDAMENTACIÓN

- Sensibilizar coa idea da lectura como forma de acadar a liberdade intelectual e como conformadora do pensamento crítico. Queremos crear unha cidadanía consciente, que saiba reflexionar con criterio sobre o mundo que a rodea.

- Contribuir ao hábito lector desde as distintas áreas, desenvolvendo bibliotecas de aula con contidos específicos que resulten atractivos ao alumnado, e que mostren que o coñecemento tamén se adquire cunha actitude activa mediante a lectura (aprender a aprender), e non só co discurso elaborado do profesorado durante as sesións semanais.

-Crear e fomentar o hábito e o pracer da lectura, en distintos soportes e sobre diferentes ámbitos e de empregar as bibliotecas ao longo de toda a súa vida. Temos constatado que, sobre todo en Secundaria, moito do alumnado perde esa motivación pola lectura como fonte de divertimento. Teremos, pois, que deseñar e repensar actividades de fomento da lectura para despertar a afección polos libros.

-Organizar e levar a cabo un programa articulado de promoción da lectura por niveis tendo en conta a diversidade. É fundamental a coordinación entre a biblioteca e as distintos departamentos para facilitar a creación de itinerarios lectores entre o alumnado. Neste senso, haberá que coidar especialmente a oferta de fondos axeitados a alumnado con NEAE, axudándonos do dpto. de Orientación.

-Promocionar a lectura entre toda a comunidade educativa. Continuar actividades como os Clubs de Lectura de alumnado e adultos que permite socializar a lectura.

-Promover o emprego e o gozo da biblioteca. O contexto sociocultural ao que xa nos referimos esixe que a biblioteca do centro sexa o piar cultural no que poidan atopar diversidade de lecturas en formato libro, así como acceso á lectura dixital. Debemos facer, polo tanto, unha selección interesante e atractiva das novas adquisicións e unha aposta pola dinamización dos

recursos electrónicos.

-Promocionar os recursos de lectura a través da páxina web, do blog...e valorar as posibilidades do uso dunha rede social segura, accesible tanto para o alumnado e o profesorado, como para as familias. Do mesmo xeito, consideramos que é moi importante orientar ao alumnado nas súas lecturas dando a coñecer o catálogo do centro, e facendo suxestións mediante guías ou folletos de novidades, a difundir en formato dixital.

- Favorecer o tratamento da educación para o consumo responsable nos currículos das diferentes etapas e niveis de ensino regrado.

- Desenvolver no alumnado un pensamento crítico e independente e fomentar a reflexión sobre os aspectos éticos, solidarios e ambientais que determinan a responsabilidade no consumo e nos hábitos de vida.

A.1.2. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

3.1. Renovar o equipo de biblioteca mantendo o seu carácter multidisciplinar, coordinado grazas a unha reunión semanal, os xoves, que servirá para a planificación e organización do traballo.

3.2. Solicitar á Dirección do centro, na medida do posible, unha maior **coincidencia horaria** para o traballo conxunto do equipo de biblioteca.

3.3. Apostar pola **integración do equipo de Dinamización e Normalización da Lingua Galega (ENDL)**, coordinado grazas a unha reunión semanal, os venres, que servirá para a planificación e organización do traballo.

3.4. Intentar que o **alumnado recién chegado** ao centro se involucre desde o inicio na biblioteca.

3.5. Solicitaremos a **colaboración de toda a comunidade educativa** para o desenvolvemento da programación ao longo do curso escolar: profesorado, titoras, familias e Concello.

3.6. Promoción e **dinamización do traballo interdisciplinar** e do **uso da BE** como un espazo de estudo e traballo para calquera área, dotado dos recursos e fondos que os mesmos departamentos vaian suxerindo para lograr este obxectivo e facilitando un sistema de reserva do espazo online.

3.7. Ampliar os **fondos** da Biblioteca Escolar, especialmente en dúas seccións inauguradas no curso pasado: feminismo, diversidade e inclusión.

3.8. Revisións dos **equipo informáticos da biblioteca** para que funcionen de xeito operativo e áxil.

3.9. Mellorar a comunicación desde a BE actualizando habitualmente o blog da biblioteca e a web do centro na seguinte ligazón: <http://pedradaagua.blogspot.com.es/> e na web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iespedraagua/>, de xeito que nos permita visibilizar o traballo desenvolvido e a oferta da BE para a comunidade. Promoverase o uso do Instagram da biblioteca. Ademais, este ano porase en funcionamento a radio do centro desde onde se anunciarán as diferentes actividades desenvolvidas desde a biblioteca.

3.10. Facer difusión de novos fondos e manter **espazo para suxestións e novas adquisicións** ao gusto dos usuarios/as.

7 Programa de formación do profesorado

Neste curso 2022/23 as liñas de actuación propostas para traballar son as dúas seguintes:

- 1 Competencia dixital.
- 2 Competencia en educación inclusiva e coeducación.

Os membros do equipo de formación:

María Benedicta Mouzo Romero

Jacobo Benjamín Santos Solla

Adela Coello Torres

José Rodríguez Martínez

Francisco Javier Brey Ferreiro

Os obxectivos xerais do plan de formación son:

- Coñecer as posibilidades didácticas das ferramentas TIC que ofrece a Consellería.
- Sacar partido ós recursos físicos do centro, incorporando ás clases as citadas ferramentas e outras complementarias.
- Elaborar recursos orientados ó emprego desas ferramentas e, en último termo, a unha evolución na didáctica das materias.
- Promover valores e actitudes inclusivas e normalizadoras, favorecendo o comportamento non discriminatorio.
- Mellorar o benestar emocional da comunidade educativa.
- Avanzar nun modelo educativo baseado no respecto, responsabilidade e coeducación.
- Actualizar as NOFs do centro.

Van seguirse 3 itinerarios:

Itinerario 1 : Novas estratexias para a convivencia positiva no centro: actualización das NOFs no que se vai desenvolver as seguintes actividades formativas:

- Curso(01/11/2022 a 31/05/2023) Espazo educar Pedra da Aguiá Formación TIC ás familias.
 - Obxectivos:
 - Integrar familia e escola.
 - Promover a convivencia no centro a través do diálogo e a corresponsabilidade das familias.
 - Tratar temas de interese para as familias.
- Seminario(01/02/2023 a 31/05/2023). Actualización das NOFs.
 - Obxectivos:
 - Desenvolver no alumnado pensamento crítico e comportamento responsable e avanzar nun modelo educativo baseado na coeducación.
 - Coñecer e dar a coñecer as NOFs actualizadas do centro e

velar polo seu cumprimento.

- Mellorar a autorregulación e a autonomía emocional do alumnado facendo fincaxe na empatía, resiliencia e benestar emocional.
-

Itinerario 2: Ferramentas para a creación de contidos en E-Dixgal. Xestión da plataforma. Creación de recursos dixitais no que se van desenvolver as seguintes actividades formativas:

Seminario(24/10/2022- 31/01/2023). Xestión da Plataforma E-Dixgal e creación de recursos dixitais.

- Obxectivos:
 - Crear e xestionar unha comunidade virtual educativa.
 - Crear contidos en E-Dixgal.
 - Elaborar recursos dixitais.

8 Solicitude de diversos programas

- Solicitude do Programa de Froitas Frescas para os meses de **novembro de 2022 e maio de 2023**
- Solicitude do Clube de Lectura.
- Solicitude do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.
- Solicitude de Contratos-Programa nas modalidades que sinalamos a continuación:
 - Contratos-Programa Inclúe 2022/23 (IGUÁLA-T, CONVIVE-T, EMOCIÓN-T).
 - Contratos-Programa Innova 2022/23 (EDUsaúde)
- Programas de éxito educativo do centro: PROA+
- Plan Proxecta solicitados
 - 02.PDC(proxecto deportivo de centro)- CENTROS ACTIVOS E SAUDABLES

Queremos fomentar prioritariamente hábitos saudables nos nosos rapaces e dentro deste ítem **seguimos por 6º ano consecutivo**

participando este curso 2020/21 en colaboración co concello de Camariñas no programa DAFIS (Datos sobre a Valoración da Condición Física Saudable), unha ferramenta elaborada ó amparo do PLAN GALICIA SAUDABLE promovido pola Xunta de Galicia e coordinado pola Secretaría Xeral para o Deporte, para facilitarlle ós profesionais do ámbito da actividade física e do deporte a valoración da condición física dos seus alumnos/as, deportistas e da cidadanía en xeral que participa en iniciativas vinculadas á práctica da actividade física e deporte. Os protocolos de valoración da condición física saudable contemplados en DAFIS pretenden medir aquelas cualidades físicas e psicomotoras que está demostrado científicamente que gardan relación coa saúde e permite coñecer en que estado físico se atopa a persoa para decidir cales son os aspectos que necesitan melloras e cales non. Esta valoración é fundamental para coñecer e facer un seguimento dos seus valores de condición física, a partir dos cales poder diseñar actuacións adaptadas ás súas necesidades.

Galicia Saudable, no marco do “Plan Proxecta” da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, está implementando tres programas educativos(Xogade, Máis e Mellor Actividade Física e Proxecto Deportivo do Centro) entre o alumnado galego co obxectivo de que adquiran e consoliden unha vida activa e saudable. Unha das actuacións contempladas nestes programas educativos é a valoración da condición física saudable do alumnado.

- o 30. Quérote+
- o Rede de Eco Hortas Escolares
- o Proxecto Ríos
- o Proxecto Terra

9 Anexos.

Normas de organización e funcionamento do centro: información e concreción.

Unha vez debatidas e feitas as correccións suxeridas polo profesorado, as NOF quedan como seguen:

Permisos e licencias

- Como norma xeral, os permisos solicitaranse á Dirección (Anexo V) e as licencias á Delegación (Anexo IV).
- Nos permisos por imprevistos haberá que poñer unha data igual o posterior ao mesmo. O profesorado dispón de 24 sesións ao longo do curso. Nos restantes permisos deberá figurar unha data anterior á solicitude.
- As consultas médicas faranse se é posible en horario non lectivo. De non ser así, na xustificación deberá aparecer a hora do inicio e a hora de fin da mesma.
- Cando as ausencias comprendan medias sesións, agruparanse para axustar as faltas ao establecido no XADE.
- O profesorado dispón dunha semana para presentar os xustificantes en Dirección.
- O profesorado dispón de 2 días lectivos e 2 días non lectivos por asuntos particulares. Como norma xeral, non se concederán estes permisos cando haxa reunións que teñan carácter obrigatorio (avaliacións, claustros, CCP e Consello escolar), cando haxa festivos por medio e durante o mes de xuño.
- As ausencias do profesorado deberán ser comunicadas con antelación e serán anotadas exclusivamente no libro de gardas polo Equipo Directivo.

Convivencia

- Todos os alumnos que sexan expulsados da clase deberán ir acompañados polo delegado e deberán levar traballo para realizar mentres estean fóra da aula. Deberán permanecer na Aula de Convivencia Inclusiva (aula 2), custodiados polo profesorado de garda, e senón estivese dispoñible, polos membros do Departamento de Orientación e/ou o Equipo Directivo.
- O profesorado cubrirá a sanción correspondente no mesmo día que se produza e a deixará na xefatura de estudos, quen lla dará posteriormente ao

titor.

- As amoestacións e os partes deberán ir acompañados dun informe da situación que provoca a sanción e serán rexistrados no Xade polo Equipo Directivo. No caso dos partes, o profesorado sancionador comunicarase directamente cos familiares do alumnado para explicarlles o motivo do mesmo.
- As sancións nin se tramitarán nin se comunicarán ao profesorado mentres non estean totalmente cumprimentadas.
- Informarase ao profesorado a través da aula virtual das medidas disciplinarias adoptadas co alumnado sancionado e por correo electrónico do alumnado que sexa sancionado cunha expulsión.

Normas para o alumnado

- Non está permitido fumar, nin introducir ou consumir bebidas alcohólicas ou drogas no recinto escolar e nos seus arredores, así como durante a realización de actividades complementarias e extraescolares.
- O transporte escolar considérase a todos os efectos recinto escolar, polo que todo o que pase nel é competencia do Centro educativo.
- Non se permite a circulación pola parte de atrás do edificio.
- Non está permitido o uso de calquera aparello electrónico, salvo por motivos didácticos e con permiso do profesor de aula ou do Equipo Directivo. Aparte das medidas disciplinarias, tales aparellos serán retirados e custodiados en Dirección ata o final da xornada.
- As taquillas son para gardar as pertenzas do alumnado, incluídas as mochilas. Polo tanto, non se permitirán mochilas na Biblioteca, na cafetería, nin amoreadas en espazos públicos.
- O alumnado só poderá ir aos baños situados na planta baixa.
- Entre clase e clase non se poderá ir aos baños, á cafetería e tampouco ás taquillas.
- Non se permitirán comidas e bebidas (salvo auga e con consentimento do profesorado) nas aulas, na biblioteca e no pavillón.
- Só se permitirá o acceso á cafetería antes do toque do timbre de entrada, nos tempos de lecer e despois do toque do timbre de saída.
- O aforo máximo da cafetería non pode exceder das 15 persoas. O alumnado accederá ao seu interior de xeito ordenado, formando fila na porta da entrada

interior. O persoal que a atende debe ser tratada con consideración e respecto.

- Durante o mes de setembro, crearase unha Xunta de Delegados que será a canle de comunicación habitual entre o alumnado e Dirección.
- O alumnado non poderá circular polo primeiro andar durante os tempos de lecer. Permitirase que o alumnado sente nas escaleiras durante o tempo de lecer, sempre que non se interrompa o paso polas mesmas.
- O alumnado que chegue tarde ao centro ou que teña que saír do mesmo terá que apuntarse respectivamente no libro de entradas e saídas que hai na Conserxería.
- Nas aulas débese entrar puntualmente respectando ao máximo o mobiliario e manténdooas limpas (non pintando, empregando as papeleiras,...). Cando presenten un estado de sucidade imputable a un uso indebido das mesmas, non serán limpadas polo persoal correspondente, senón polos usuarios da aula en cuestión. A decisión deberá ser tomada polo profesor da materia que detecte tal situación.
- Se por motivos da materia impartida se desorganizase a orde dos pupitres, ao remate da sesión débese recuperar a posición anterior dos mesmos. Igualmente, ao final da xornada escolar, as cadeiras deberán colocarse enriba das mesas, procurando apagar luces, ordenadores e proxectores deixando abertas as xanelas.
- O profesor de aula ou de garda é o primeiro referente para o alumnado ante calquera problema que xurda. Dependendo da súa natureza ou gravidade acudirán seguindo esta orde: titor/a, Departamento de Orientación e finalmente, Equipo directivo.
- Existe unha caixa de suxestións ao lado da Conserxería para aportar opinións ou denunciar de forma anónima calquera actitude ou feito relevante ou prexudicial.

Gardas

- O profesorado de garda ao inicio da sesión fará un percorrido polos dous andares do edificio co fin de velar e manter a orde no centro. Con tal motivo, apagará as luces das aulas que estean valeiras, vixiará que o alumnado non estea polos corredores nin na cafetería e estará sempre localizable para responder a calquera incidencia co alumnado ou profesorado.

- As gardas de lecer desenvolveranse no pavillón (preferentemente a cargo do profesor de Educación Física, se ten dispoñibilidade horaria), na biblioteca (a cargo do equipo encargada da mesma), no interior do edificio (incluída a cafetería) e no exterior do mesmo.
- O profesorado encargado destas gardas procurará evitar incidentes entre o alumnado e vixiará polo uso correcto de calquera material.

Protocolo Covid

- Será conveniente que o profesorado ventile as aulas para renovar o aire das mesmas.
- O alumnado de 1º e 2º ESO accederá ao edificio escolar e sairá do mesmo pola porta lateral dereita.
- O alumnado de 3º e 4º ESO accederá e sairá do centro pola porta central.
- Segue sendo obrigatorio o uso de máscara no transporte escolar.

Medidas relativas ao medio ambiente

- Evitar o uso da luz artificial na medida do posible (luzes apagadas e persianas levantadas).
- Apagar os ordenadores e luces das aulas nos tempos de lecer, ao final da xornada e na última hora de clase que teñan na súa propia aula.
- Colocarase en todas as aulas, recipientes para a recollida selectiva de lixo.
- O profesorado non deberá imprimir documentos extensos.
- A impresora da sala de profesorado só se empregará para imprimir documentos orixinais, as copias faranse na Conserxería.

Medidas de atención á diversidade

- O prazo límite para entregar o documento das ACS será a finais do mes de outubro de 2022.
- Farase un informe trimestral individual a todo o alumnado con ACS, valorando o seu progreso académico.
- O profesorado do alumnado que acuda á aula de apoio deberá reunirse polo menos 1 vez ao mes coas profesoras de PT e o xefe do Departamento de Orientación para facer un seguimento personalizado de cada alumno.

Rexistro de faltas no Xade

- Todo o profesorado deberá rexistrar as faltas do alumnado ao inicio de cada clase no XADE. En caso de non poder facelo por causas de forza maior, ao final da clase deberá entregar en administración o listado de alumnado ausente (indicando a hora, materia e día). Os datos serán xestionados diariamente a través da aplicación “AbalarMóbil”, polo que ao non cubrir as faltas aparecerán incorrectas as ausencias do alumnado.
- O profesorado ten a obriga de deixar traballo para o alumnado en caso de ausencia prevista ao centro. A súa realización na aula quedará condicionado ás circunstancias do Centro nese día.
- A xustificación das faltas farase perante o titor/a do seguinte xeito:
 - Deberán entregar ao titor/a un documento asinado polos pais ou representantes legais explicando a ausencia, e sempre acompañado do documento xustificativo correspondente.
 - O alumnado terá un prazo de tres días lectivos, contados desde a data da ausencia, para presentar os xustificantes das súas faltas.
 - En caso de ausencia a un exame deberá mostrar xustificante ao profesor de área afectado que logo entregará ao titor/a.
 - Activarase o protocolo de absentismo de xeito inmediato, cando a ausencia do alumnado supere o límite establecido legalmente (10% das sesións mensuais) e se analice dende titoría, orientación e dirección que esta situación poida supoñer un risco de abandono escolar.
- As titorías de familias faranse en persoa no centro. As aulas habilitadas para este fin serán as aulas nº 7 e nº 10 da planta baixa.

Folgas

- O alumnado non ten dereito á folga. No en tanto, o alumnado de 3º e 4º da ESO ten dereito de non asistencia ás clases, sempre e cando o manifesten con 48 horas de antelación. Neste caso, os delegados terán que presentar unha relación do alumnado que non vai asistir ás clases. (Haberá un modelo dispoñible en Administración)
- As faltas pola citada ausencia deberán ser xustificadas polos pais do

alumnado, pero aparecerán como non xustificadas no XADE.

· O profesorado non poderá poñer ningún exame nas datas de ausencia por folga do alumnado e non poderá avanzar na materia.

Exames

· Todos os exames (orais e escritos) deberán colgarse na aplicación “Google Calendar” cunha antelación mínima de 5 días lectivos.

· Non poderá haber máis de dous exames por día e grupo. En caso contrario terán prioridade os que estean colgados na citada aplicación.

· Ao principio de cada trimestre elaborárase un calendario de exames finais de cada avaliación.

9.1 Anexo I. Proxecto de fomento do uso do galego: Proxecto Lingüístico do centro curso 2022/23. Addenda

a B.3.- DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR.

De acordo coa normativa disposto no decreto 79/2010 en educación secundaria obrigatoria cómpre indicar o seguinte:

- 1 Impartiranse en galego as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.
- 2 Cada centro educativo decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanas, sen prexuízo do disposto sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras.
- 3 Os materiais e libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia.

Partindo da consideración de que o centro educativo recibe a denominación de Plurilingüe, en 1º da ESO impartirase a todo o alumnado a materia de Educación Plástica e Visual de 1º ESO e 3º ESO, Hábitos Saudables de 2º ESO e Xeografía e Historia de 4º ESO.

Neste curso **2020/21 temos 2 alumno de 1º ESO, 2 alumnos de 2º ESO, 3 alumnos de 3º ESO e 2 alumnos de 4º ESO por proceder dun sistema educativo estranxeiro (7 alumnos) ou fóra da comunidade galega (2 alumnos)**

En relación ao mencionado anteriormente, a distribución de horas de lingua galega e castelán nos diferentes cursos queda establecida da seguinte forma:

| 1º ESO | | |
|----------------------------------------------------------------|--------------|---------------|
| LINGUA CASTELÁ - 14 HORAS LINGUA GALEGA - 12 HORAS | | |
| EDUCACIÓN PLÁSTICA – PLURILINGÜE(INGLÉS) | | |
| MATERIA | HORAS | IDIOMA |
| Bioloxía | 3 | Galego |
| Inglés | 3 | Inglés |
| 2ª Lingua estranxeira: Francés | 2 | Francés |
| Xeografía e Historia | 3 | Galego |
| Educación Física | 2 | Castelán |
| Lingua Castelá | 3 | Castelán |
| Lingua Galega | 3 | Galego |
| Matemáticas | 4 | Castelán |
| Ed. Plástica e Visual | 2 | Inglés |
| Tecnoloxía e dixitalización | 3 | Castelán |
| Exención Francés: Reforzo Matemáticas | 2 | Castelán |
| Relixión | 1 | Galego |
| Proxecto competencial | 1 | Galego |
| Disposición do centro | 2 | Galego |

| 2º ESO | | |
|-----------------------------------------------------------|--------------|---------------|
| LINGUA CASTELÁ - 14 HORAS LINGUA GALEGA - 13 HORAS | | |
| HÁBITOS SAUDABLES – PLURILINGÜE(INGLÉS) | | |
| MATERIA | HORAS | IDIOMA |
| Física e Química | 3 | Castelán |
| Inglés | 3 | Inglés |
| Francés | 2 | Francés |
| Xeografía e Historia | 3 | Galego |
| Educación Física | 2 | Galego |
| Hábitos Saudables | 1 | Inglés |
| Lingua Castelá | 3 | Castelán |
| Lingua Galega | 3 | Galego |
| Matemáticas | 5 | Castelán |
| Música | 2 | Galego |
| Reforzo Lingua Galega | 2 | Galego |
| Relixión | 1 | Galego |
| Valores Éticos | 1 | Galego |
| Tecnoloxía e dixitalización | 3 | Castelán |

3º ESO**LINGUA CASTELÁ - 11 HORAS LINGUA GALEGA - 15 HORAS****EDUCACIÓN PLÁSTICA – PLURILINGÜE(INGLÉS)**

| MATERIA | HORAS | IDIOMA |
|---------------------------------------|--------------|---------------|
| Bioloxía e Xeoloxía | 2 | Galego |
| Inglés | 3 | Inglés |
| Xeografía e Historia | 3 | Galego |
| Educación Física | 2 | Castelán |
| Educación Plástica e Visual | 2 | Inglés |
| Física e Química | 2 | Castelán |
| Lingua Castelá | 3 | Castelán |
| Lingua Galega | 3 | Galego |
| Matemáticas | 4 | Castelán |
| Música | 2 | Galego |
| Cultura Clásica /Oratoria | 2 | Galego |
| Relixión | 1 | Galego |
| Educación en valores cívicos e éticos | 1 | Galego |
| Francés | 3 | Francés |
| Proxecto competencial | 1 | Galego |

| | | |
|----------------------------------------------------------------|--------------|---------------|
| 4º ESO | | |
| LINGUA CASTELÁ – 13 HORAS LINGUA GALEGA - 12 HORAS | | |
| XEOGRAFÍA E HISTORIA – PLURILINGÜE(INGLÉS) | | |
| ITINERARIO 1 CON BIOLOXÍA E FÍSICA E QUÍMICA | | |
| ITINERARIO 2 CON ECONOMÍA E LATÍN | | |
| ITINERARIO 3 CON CAAP E IAE | | |
| MATERIA | HORAS | IDIOMA |
| Bioloxía e Xeoloxía | 3 | Galego |
| Inglés | 3 | Inglés |
| Francés | 3 | Francés |
| Xeografía e Historia | 3 | Inglés |
| Economía | 3 | Castelán |
| Educación Física | 2 | Galego |
| Educación Plástica e Visual | 3 | Castelán |
| Física e Química | 3 | Castelán |
| TICs | 3 | Galego |
| Latín | 3 | Galego |
| Lingua Castelá | 3 | Castelán |
| Lingua Galega | 3 | Galego |
| Matemáticas | 4 | Castelán |
| Música | 3 | Galego |
| Relixión | 1 | Galego |
| Valores Éticos | 1 | Galego |
| Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional | 3 | Castelán |
| Iniciación á Actividade Emprendedora e Prof. | 3 | Galego |

9.2 Anexo II PEC: Plan de convivencia e Normas de organización e funcionamento do centro.

De acordo coa aplicación da nova Lei de Ordenación Educativa, o centro irá adaptando o proxecto educativo e as programacións docentes correspondentes ao contido curricular destas ensinanzas. Polo que, no exercicio de autonomía pedagóxica que contempla a LOMLOE, cómpre a revisión e a adecuación do PEC ao longo dos cursos.

En relación ao plan de convivencia e as normas de organización e funcionamento foron modificadas no curso 2026/17 tendo en conta o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia da convivencia escolar e a Estratexia galega de convivencia escolar 2015/20 que inclúe o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-20. Neste curso 2022/23 cómpre revisar e adaptar se cabe máis ao que se está realizando no centro.

9.3 Anexo III. Plan anual de lectura curso 2020/21: Fomento da lectura e proxecto lector do centro.

6.1. Promoción do Proxecto Lector do Centro conectando a biblioteca cos departamentos didácticos do centro educativo.

Deste xeito, as lecturas escollidas para este curso desde algúns departamentos son:

Departamento de Lingua Galega:

1º ESO

- A chamada da selva, Jack London (autor) Gonzalo Navaza (tradutor), edicións

Xerais;

- Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta , Leticia Costas, edicións

Xerais;

- Un monstro vén a verme, Patrick Ness (autor) Xesús Fraga (tradutor),

Kalandraka

Factoría K;

2ºESO

- Iridium. Francisco Castro//Unha estrela no vento. Leticia Costas.
- Cando petan na porta pola noite. Xabier P. Docampo.
- Chamando ás portas do ceo. Jordi Sierra i Fabra.

3º ESO

- A fraternidade de Eihwaz. César Mallorquí. Editorial Rodeira-Edebé
- A miña nai, o meu clan, o meu pobo. Sen medo: Os fillos de Miled, conquistadores de Irlanda, Fernando Navarro, Amazon Books.
- O gran reino, Eduardo Santiago, edicións Xerais;

4ºESO

- O corazón de Xúpiter. Leticia Costas.
- A caixaíña dos rancos. Héctor Cajaraville.// O neno do pixama a raias. John Boyne.

Departamento de Lingua Castelá:

1ºESO

- ZORN, Steven. Relatos de monstruos, ed. Vicens Vives. Colección Cucaña.
- SIERRA I FABRA, Jordi. La mansión de las mil puertas, ed. Planetalector. ColecciónCuatrovientos.
- LÓPEZ, Nando. Por qué tiene que ser todo tan difícil, ed. Santillana Educación. Colección Loqueleo.

2º ESO

- MALLORQUÍ, César. Las lágrimas de Shiva, ed. Edebé.
- SANTOS, Care. Mentira, ed. Edebé.
- CASONA, Alejandro. La dama del Alba, ed. Vicens Vives. Colección Aula de Literatura.

3º ESO

- DE ROJAS, Fernando. La Celestina, ed. Vicens Vives. Clásicos adaptados.
- El Lazarillo de Tormes, ed. Vicens Vives. Clásicos adaptados.
- CASONA, Alejandro. Retablo jovial, editorial Anaya (Nueva Biblioteca Didáctica).

3o ESO (PDC)

- PRADO PLANO, Miguelanxo. A mansión dos Pampín, editorial Norma

editorial.

- MACEIRAS, Andrea. O que sei do silencio, ed.Xerais.
- NÚÑEZ SINGALA, Manuel. O achado do castro, ed. Galaxia.

4º ESO

- Antoloxía de textos del siglo XIX seleccionados y subidos al aula virtual por la docente.
- LORCA, Federico. La casa de Bernarda Alba, ed. Vicens Vives.
- RUIZ ZAFÓN, Carlos. Marina (cualquier edición).

9.4 Anexo IV. Plan Xeral de atención á diversidade

- Liñas de actuación, medidas e/ou programas.

As medidas a desenvolver no noso centro son de dous tipos:

1.- Medidas ordinarias entendendo por estas as que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado, destacando as seguintes:

- a Adecuación da estrutura organizativa do centro:
 - a.a Disminución da ratio por clase
 - a.b Formación de grupos heteroxéneos
- b Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado
- c Metodoloxía baseada no traballo colaborativo a desenvolver en grupos heteroxéneos empregando programas que favorezcan a inclusión nas diferentes áreas.
- d Adaptación de tempos, de instrumentos e procedementos de avaliación segundo as necesidades individuais do alumnado partindo das súas características tendo sempre presente o principio de inclusión que debe rexir todo o proceso educativo .
- e Aula de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia. Dentro destas medidas priorizarase a actuación directa e individual co alumnado que estea en risco, e de forma grupal e preventiva co resto do alumnado mediante obradoiros , charlas, etc.

- f Desdobramentos de grupos, medidas que consiste na redución do grupo en determinadas materias, e así facilitar as aprendizaxes.
- g Reforzo educativo e apoio Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, entendendo así un reforzo flexible, impartido por todo o profesorado que conte con horario para impartilo, de forma que non se limite a súa impartición ao profesorado especialista (PT/AL).
- h Programas de reforzo na áreas instrumentais básicas, medida encamiñada a eliminar as dificultades vencelladas ás áreas instrumentais, será impartido cando na avaliación iniciais e detecten carencias nestas áreas.
- i Programas de habilidades sociais, teñen por finalidade formar nestas técnicas ao alumnado en xeral, para isto levaranse a cabo obradoiros específicos impartidos por técnicos especialistas que colaboran co centro, e que serán complementados nas titorías co asesoramento do departamento de orientación.

2.-Medidas extraordinarias son aquelas dirixidas a dar desposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo que requiren modificacións significativas do currículo ordinario e supoñen cambios esenciais no ámbito organizativo, nos elementos de acceso ao currículo ou á modalidade de escolarización. Estas medidas precisan da autorización da dirección do centro, do Servizo de Inspección, da xefatura territorial ou da dirección xeral, e de ser o caso dun informe do servizo de orientación.

Este curso 2022/23 debemos destacar o desenvolvemento dun PDC de duración de 2 anos para un grupo de 7 alumnos/as.

- **Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.**

Priorizar:

- a) Redución do nº alumnado por grupos.
- b) Profesorado con dispoñibilidade horaria para reforzo e apoio educativo ou desdoblamento de grupos e reforzo nas instrumentais básicas.

c)Diseño de actividades con diferentes grao de dificultade normalizando na aula momentos que se dediquen á realización de actividades diferentes.

d)Establecer criterios para a configuración de grupos (nivel de competencia curricular, distribución de repetidores, grupos heteroxéneos)

e)Posibilidade de crear figura “ Coordinador de pendentes”.

f)Alumnado con NEAE:

- Fixar un calendario de datas, a principio de curso, para la coordinación entre os diferentes profesionais que interveñen para dar resposta aos alumnos con necesidades educativas.
 - Establecer criterios orientativos para a avaliación e promoción do alumnado con necesidades educativas.
 - Elaboración de material variado e adaptado ás necesidades do alumnado.
 - Ser flexibles no cumprimento do calendario de realización e entrega de tarefas.
-
- **Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro.**

-Profesorado en xeral:

Coordinación entre grupos para facer un seguimento dos casos que así o requiran.

Planificación e incorporación de recursos e estratexias que permitan ofrecer respostas diferenciadas ás diversas necesidades que xurdan.

Realización de reunións de coordinación entre o profesorado

Establecemento de criterios para a elaboración e promoción do alumnado con necesidades educativas especiais.

- Profesorado especialista (PT/AL):

- Atención ao alumnado que presenta necesidades educativas especiais según as directrices da avaliación psicopedagóxica.
- Coordinación co profesorado das áreas con adaptación curricular.
- Planificación e seguimento do traballo elaborado para o alumnado con necesidades educativas.

- Participar na avaliación inicial do alumnado que accede á educación secundaria obrigatoria, e cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnos con necesidades educativas especiais.
- Departamento de orientación:
- Valorar as necesidades educativas do alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
 - Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenta o alumnado.
 - Facilitar ao profesorado orientacións metodolóxicas respecto a posibles solucións a aplicar
 - Reunión cos titores onde se traballarán os problemas específicos, empregando as estratexias e instrumentos que se consideren máis apropiadas en cada caso.
 - **Mecanismos de coordinación e colaboración internos así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos.**

Os mecanismos organizativos para coordinar dito plan estruturanse a través de:

- Reunión quincenal de titores por nivel co departamento de orientación.
 - Reunión semanal do departamento de orientación.
 - Reunión do profesorado especialista cōa orientadora, semanalmente.
 - Outras reunións que están supeditadas ás necesidades do centro como a CCP, comisións diversas.
 - Reunións cos centros adscritos.
-
- **Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.**
 - Xornadas de portas abertas para as familias do novo alumnado procedente dos centros adscritos.
 - Reunións coas familias de todo o alumnado ao principio do curso, e ao longo do mesmo cando se consideren necesarias.

- Entrevistas persoais cos titores de cada alumno cõa periodicidade que sexa necesaria.
- Comunicación via abalarmóbil ou telefónica de calquera información relevante para as familias.
- Encontro mensual de nais e pais para posta en común de diversos temas que afecten á educación dos seus fillos.
- Reunións trimestrais do departamento de orientacións cos orientadores dos centros adscritos.

- **Protocolos para a solicitude e /ou autorización das medidas extraordinarias.**

Para a aplicación das medidas extraordinárias será necesario:

- Autorización dos pais.
 - Informe psicopedagógico do alumno.
 - Autorización da dirección do centro educativo.
 - Autorización do Servizo de Inspección Educativa.
 - Autorización da xefatura territorial ou da dirección xeral.
- seguir .

- **Avaliación**

Para un axeitado desenvolvemento das medidas adoptadas é preciso establecer mecanismos de coordinación co profesorado, para realizar o seguimento das medidas que se están levando a cabo, así como dos recursos empregados e poder subsanar as dificultades que se presenten e confirmar aqueles aspectos que están funcionando axeitadamente. Importante definir e establecer as reunións de coordinación.

As reunións serían:

- Reunións semanais do Do.
- Reunións semanais XE/XDO/PT/AL.
- Reunións CCP.
- Sesións de avaliación. No boletín rexistrárase o seguimento das medidas.

Outras reunións que o equipo docente considere necesario, en función das necesidades do momento.

9.5 Anexo V. Plan de igualdade. Addenda

- **Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión:**
 - Consello Escolar:
 - PROFESORADO: 3 profesores e 6 profesoras.
 - ALUMNADO: 1 alumna e 1 alumno.
 - Resto de persoal: 3 mulleres

 - Profesorado do centro: 7 profesores e 17 profesoras.

 - Escolarización nos distintos curso da ESO:
 - 1º ESO: 20 alumnas e 29 alumnos
 - 2º ESO: 21 alumnas e 20 alumnos.
 - 3º ESO: 15 alumnas e 29 alumnos.
 - 4º ESO: 16 alumnas e 10 alumnos.

Neste apartado recolleamos as situacións de desequilibrio de xénero que o centro ten detectadas e sobre as que habemos de traballar para mellorar e polo tanto priorizamos as seguintes accións:

1.-Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.

2.-Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial:

25 de novembro: día internacional contra a violencia de xénero.

8 de marzo: día internacional da muller

3.- Profundizar na realidade LGTBI, traballados en cursos anteriores a través de charlas ou obradoiros formativos.

4.-Actividades específicas sobre obxectivos coeducativos.

9.6 **Anexo VI. Plans e Programas**

- ✓ Programa de actividades extraescolares e/ou complementarias
- ✓ Plan de Orientación.
- ✓ Programa do equipo de dinamización da lingua galega.
- ✓ Liñas de actuacións da biblioteca.
- ✓ Plan TIC.
- ✓ Proxecto Arao. (
- ✓ Programacións didácticas.
 - 1 Matemáticas
 - 2 Lingua Castelá
 - 3 Lingua Galega
 - 4 Inglés
 - 5 Francés
 - 6 Xeografía
 - 7 Ciencias Naturais
 - 8 Física-Química
 - 9 Tecnoloxía
 - 10 Valores éticos
 - 11 Plástica
 - 12 Música
 - 13 Educación Física
 - 14 Latín
 - 15 IAE
 - 16 Relixión

9.7 Anexo VII.- Modificación da PXA ao longo do curso 2022/23

Esta Programación Xeral Anual contou coa conformidade do Claustro e Consello Escolar, que foron informados oportunamente na sesión celebrada o día 27 de outubro de 2022

A Ponte do Porto, 27 de outubro de 2022
A DIRECTORA,

Asdo.: M^a BENEDICTA MOUZO ROMERO